

O PROGRAMA GALEGO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA HEPATITE B (I)

Unha vez constatado o fracaso da estratexia de vacinación da hepatite B só nos grupos de alto risco, incluso nas áreas de baixa endemicidade, a vacinación universal é considerada polas autoridades sanitarias como a única forma de conseguirla erradicación da infección.

Postulándose tres abordaxes para a vacinación universal:

- A vacinación universal dos recém nados.
- A vacinación dos adolescentes.

—A inmunización mixta (vacinación fronte a hepatite B dos recém nados e adolescentes).

Galicia escolle esta última estratexia pois, se considera que pertencemos a unha área xeográfica de endemicidade intermedia, na que a transmisión perinatal é baixa (menos do 10%-15% das nais son HBsAx positivas) e a infección adquirese fundamentalmente na adolescencia e na idade adulta temperá; proposta fundamentada substancialmente nas razóns seguintes:

1.—As coberturas acadadas en Galicia nos nenos menores de 12 anos son máis altas, debido á aceptación que as vacinas infantís teñen entre a poboación galega, considerándoas como parte da súa tradición e cultura.

2.—As relativamente baixas coberturas acadadas por outras vacinas infantís na preadolescencia (12-14 anos) e a falta desa mesma tradición.

3.—Porque é posible soporta-lo custo económico da vacinación das dúas cohortes.

Tendo en conta todo isto, a Xunta de Galicia proxecta face-lo esforzo económico necesario para vacinar de forma temporal as dúas mencionadas cohortes durante doce anos. Na perspectiva de que, ó suprimi-la vacinación dos adolescentes ó cabo deles (que xa non tería razón de ser), se abaraten os custos do programa, e se teña logrado a vacinación de tódolos nenos, nenas e mozos de Galicia entre 0 e 24 anos, e se produza desta maneira, presumiblemente, o descenso das taxas de incidencia da hepatite B na nosa Comunidade Autónoma.

DESCRIPCIÓN XERAL DO PROGRAMA

Por mor da singularidade propia das poboacións obxecto ás que se dirixe o Programa de Prevención e Control da Hepatite B, considerouse máis conveniente estrutura-lo mesmo nos Subprogramas seguintes:

Subprograma de prevención da transmisión perinatal do VHB.

Subprograma de vacinación universal de recém nados.

Subprograma de vacinación universal dos preadolescentes (12 anos).

Subprograma de vacinación dos grupos de risco.

A característica fundamental do Programa é a de estar pensado para que descansen basicamente na Atención Primaria (AP), recaendo nela a maior parte da execución das actividades. Por esta razón, as xerencias de AP serán periféricamente as responsables da xestión, supervisión e correcto cumprimento daquel.

A nivel central o Programa estará xestionado pola Dirección Xeral de Saúde Pública a través do Servizo de Programas de Saúde.

Sendo o eixo central da prevención da hepatite B interrompe-la cadea de transmisión do virus mantida polos portadores crónicos, o Programa principia coa actividade de detectar na xestante o antígeno de superficie (HBsAx), recomendando a realización da despistaxe (screening) do HBsAx en toda muller embarazada. Esta actividade é, basicamente, responsabilidade de AP de saúde, aínda que unha parte da mesma recae tamén na figura do tocoxinecólogo.

No caso de que o ingreso no hospital se descoñeza a situación serolóxica da xestante, solicitaráselle a proba de inmediato, a fin de lle instauralo máis axiña posible tratamento preventivo ó recén nacido. Ó recén nacido fillo de nai portadora administraráselle, como é habitual, gammaglobulina específica maila primeira dose de vacina antihepatite B, mentres que o recén nacido de nai HBsAx negativa recibirá soamente a primeira dose de vacina, continuándose a serie vacinal na AP, quen ten encargada tamén integramente a vacinación da cohorte dos nenos de 12 anos.

O Subprograma de vacinación dos grupos de risco será impulsado sectorialmente, acorde coa situación social, sanitaria ou persoal que conorra na persoa concreta que está en situación de alto risco. Sen embargo, será a AP e en casos concretos a atención especializada as que deberán actuar como apoio a estes sectores sanitarios (como por exemplo: unidades de atención ó drogodependente, etc...) para a realización das actividades que escapan ós recursos e responsabilidades deles.

Cada día é máis recoñecido o papel que as actividades de Educación para a Saúde (EpS) xogan nos programas de saúde. É por iso polo que en tódolos Subprogramas figuran obxectivos específicos e actividades a desenvolver neste eido. Estas actividades están dirixidas por unha banda á poboación receptora do Programa e á sociedade en xeral, e por outra, ós profesionais da saúde.

Coa finalidade de que a sociedade en xeral e, particularmente, a embarazada e os pais teñan suficiente información sobre a transmisión desta enfermidade, as súas consecuencias e so-

bre formas de administración da vacina, lévase a cabo unha campaña de sensibilización tanto nos medios de comunicación social coma a través da edición de materiais informativos:

—Un folleto dirixido especificamente á embarazada remítese en cantidade suficiente a tódolos consultorios e centros de saúde de AP así como ós xinecólogos con exercicio privado. Este folleto figurará tamén na Carpeta de Saúde Infantil, coa que será entregada unha carta do Excmo. Sr. Conselleiro de Sanidade dirixida ós pais, informándolles do beneficio desta vacinación.

—De similar maneira, procédese a sensibilizar os pais dos nenos de 12 anos, estando prevista tamén a remisión dunha carta do Excmo. Sr. Conselleiro de Sanidade acompañada dun folleto de información sanitaria acorde coa idade destes nenos. Este folleto enviarase tamén a toda a rede de AP así como ás oficinas de farmacia e maternidades públicas e privadas.

—De cara á educación sanitaria dirixida ás persoas pertencentes ós grupos de risco elaboráronse unhas pequenas normas e recomendacións dirixidas ós portadores e ós seus conviventes, que responden ó título de Hepatite B: o que cómpre saber e facer. Este material envíase a tódolos centros sanitarios públicos e privados e estará a disposición de toda aquela persoa, público en xeral ou profesional sanitario, que o solicite en calquera organismo ou institución sanitaria dependente da Consellería de Sanidade.

—Por último, respecto das actividades de educación sanitaria dirixidas ós profesionais, recóllense unhas recomendacións tituladas Medidas xerais de prevención para o persoal sanitario que traballa con material potencialmente contaminado polo VHB, adaptadas das normas que no seu día recomendou o CDC de Atlanta. Cremos que son dabondo coñecidas polos profesionais sanitarios, pero coidamos que non por iso deben ser menos reiteradas, e que un programa como o da hepatite B non podía por menos recoller.

META E OBXECTIVOS DO PROGRAMA

En consoancia co Plan de Saúde para Galicia 1993-1997, que recolle a necesidade de iniciarla vacinación universal fronte a hepatite B no ano 1993 nos nenos e adolescentes da nosa Comunidade Autónoma, e de cara a conseguir uns obxectivos xerais de saúde tendentes á redución da morbilidade e mortalidade producidas por esta enfermidade na poboación xeral de Galicia, o Programa ten como meta e obxectivos xerais os seguintes:

ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN POR ZONAS SANITARIAS DE ATENCIÓN INTEGRADA SEMANAS 21 - 24, do 23/5/93 ó 19/6/93

Z.S.A.I. E ÁREAS	INMUNOPREVIBLES												TRANSMISIÓN SEXUAL								ZONOSOS				OUTRAS			
	RUBEOLA				PAROTIDITE				TOSEFERINA				SÍFILIS				URETRITE GONOCÓCICA				BRUCELOSE				HEPATITE VÍRICA B			
	Casos	I.E.	Acum. casos	I.E. ac.	Casos	I.E.	Acum. casos	I.E. ac.	Casos	I.E.	Acum. casos	I.E. ac.	Casos	I.E.	Acum. casos	I.E. ac.	Casos	I.E.	Acum. casos	I.E. ac.	Casos	I.E.	Acum. casos	I.E. ac.	Casos	I.E.	Acum. casos	I.E. ac.
Fene	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,08	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,00	1	0,00
O Ferrol	0	0,00	0	0,00	1	0,00	1	1,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,00	6	0,00	2	0,00	6	0,00
Narón	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	1,00	10	0,77	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,00
Ortigueira	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,17	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
O FERROL	0	0,00	0	0,00	1	1,00	1	1,14	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	1,17	12	0,31	0	0,00	0	0,00	2	0,00	8	0,00	8	0,00
Betanzos	0	0,00	2	0,14	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	6	1,50	20	0,56	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Culleredo-Burgo	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,07	1	0,00	1	1,00	0	0,00	4	1,00	15	0,94	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
A Coruña	1	0,25	4	0,15	0	0,00	3	0,15	0	0,00	1	0,09	0	0,00	3	1,00	11	2,75	74	2,55	0	0,00	0	0,00	1	0,00	9	0,00
Carballo	0	0,00	2	2,00	1	0,00	1	0,50	0	0,00	0	0,00	0	0,00	3	0,50	10	0,42	0	0,00	0	0,00	1	0,00	2	0,00	2	0,00
Cee	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	1,00	5	0,71	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
A CORUÑA	1	0,06	8	0,08	1	0,09	5	0,09	1	0,50	2	0,17	0	0,00	3	0,43	25	1,00	124	1,24	0	0,00	0	0,00	2	1,00	11	5,50
Boiro	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
A Estrada	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,25	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	1,00	5	2,50	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,00
Lalín	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,67	11	0,58	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Melide	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	1,00	2	0,50	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Noia	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,67	11	0,92	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,00
Ordes	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	3	0,60	14	0,25	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Padrón	0	0,00	0	0,00	1	0,20	1	0,14	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	4	0,22	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,00
Ribeira	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,33	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Santa Comba	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Santiago	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	9	0,69	26	0,51	1	1,00	1	1,00	1	1,00	1	1,00	2	0,00
SANTIAGO	0	0,00	0	0,00	1	0,11	2	0,03	0	0,00	0	0,00	0	0,00	18	0,55	74	0,44	1	1,00	1	1,00	1	1,00	1	1,00	6	3,00
Marín	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	4	4,00	19	4,75	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,00
Pontevedra	0	0,00	4	0,24	0	0,00	5	0,10	0	0,00	1	0,00	0	0,00	1	0,20	22	0,88	1	1,00	3	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,00
Sanxenxo	0	0,00	1	1,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	4	4,00	23	3,83	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,00
PONTEVEDRA	0	0,00	5	0,23	0	0,00	5	0,07	0	0,00	1	0,00	0	0,00	9	0,90	64	1,28	1	1,00	3	0,00	0	0,00	0	0,00	5	0,00
Cangas	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,33	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	1,00	5	5,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,00
Ponteareas	6	0,00	38	3,45	0	0,00	3	0,43	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,50	17	1,21	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Porriño	0	0,00	1	0,25	0	0,00	1	0,06	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,00	8	2,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,00
Redondela	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	1,00	16	1,45	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Tui	2	0,00	2	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	4	1,00	32	1,52	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Valmiñor	0	0,00	1	0,13	1	0,33	1	0,20	0	0,00	0	0,00	1	0,00	2	0,00	0	0,00	2	0,67	2	0,00	2	0,00	0	0,00	1	0,00
Vigo	0	0,00	3	0,14	1	0,20	5	0,15	2	0,00	12	3,00	0	0,00	5	0,71	9	1,80	40	0,89	0	0,00	1	1,00	1	1,00	36	0,00
VIGO	8	0,67	45	0,83	2	0,04	12	0,05	2	0,00	12	1,50	1	1,00	10	0,83	16	0,64	120	0,90	2	0,00	3	0,00	1	1,00	40	0,00
Carballiño	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,50	8	0,47	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Calanova	0	0,00	1	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	5	0,83	19	0,44	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Ourense	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,05	0	0,00	2	2,00	0	0,00	4	1,00	6	0,60	32	0,47	0	0,00	2	0,33	0	0,00	1	0,00
Ribadavia	0	0,00	1	0,33	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	9	0,45	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Verín	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,50	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	1,00	8	0,31	1	0,50	2	0,22	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Xinzo de Limia	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,00	0	0,00	2	0,25	14	0,22	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
OURENSE	0	0,00	2	0,09	0	0,00	2	0,04	0	0,00	3	1,50	0	0,00	4	0,67	16	0,44	90	0,38	1	0,25	4	0,17	0	0,00	1	1,00
Monforte de Lemos	0	0,00	1	0,13	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,09	12	0,26	0	0,00	2	0,67	0	0,00	0	0,00	1	0,00
MONFORTE	0	0,00	1	0,13	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,09	12	0,26	0	0,00	2	0,67	0	0,00	0	0,00	1	0,00
Becerreá	0	0,00	2	1,00	0	0,00	2	1,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	1,00	3	0,60	1	1,00	1	0,50	0	0,00	2	0,00	2	0,00
Lugo	0	0,00	1	0,13	2	1,00	6	0,75	0	0,00	0	0,00	0	0,00	4	0,57	29	0,58	6	6,00	13	2,17	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Sarria	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,50	14	1,00	0	0,00	4	1,33	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Vilalba	1	0,00	2	1,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	4	0,57	0	0,00	1	0,50	0	0,00	0	0,00	0	0,00
LUGO	1	0,33	5	0,50	2	0,50	8	0,36	0	0,00	0	0,00	0	0,00	6	0,50	50	0,67	7	3,50	19	1,26	0	0,00	2	0,00	2	0,00
Viveiro	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	1,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Cervo-Burela	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,33	11	0,73	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Ribadeo	2	0,00	2	2,00	0	0,00	1	1,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	4	0,80	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
CERVO	2	1,00	2	0,40	0	0,00	2	0,50	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,20	15	0,56	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
O Barco	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,08	24	0,34	1	0,50	9	0,75	0	0,0				

Meta do Programa:

Elimina-la transmisión do virus da hepatite B en Galicia ou, en última instancia, reduci-la incidencia da hepatite B e enfermidades crónicas asociadas a ela dun xeito importante.

Obxectivos xerais

1. Deica o ano 2000, a morbilidade declarada por hepatite B debería reducirse nun 30% sobre a declarada en 1992.

2. Deica o ano 1997, o 80% dos recém nados fillos de nai portadora deberían estar libres de infección crónica polo VHB ós 15 meses de idade.

3. Deica o ano 1999, a prevalencia de infección nos nenos de 6 anos de Galicia debería reducirse nun 50% respecto á prevalencia de 1993, e reducirse nun 80%, nese mesmo grupo de idade, para o ano 2005.

4. Deica o ano 2005, a prevalencia de infección nos menores de 24 anos debería ser inferior ó 1%.

5. Deica o ano 2005, a prevalencia de portadores crónicos do HBsAx, no grupo de idade de 0 a 12 anos, non debería ser superior ó 0,2%, e na poboación de 0 a 24 anos non debería ser superior ó 0,5%.

6. Deica o ano 1997, a prevalencia de portadores nos usuarios de drogas por vía parenteral (UDVP) atendidos polas unidades de atención ó drogodependente non debería ser superior ó 5%, e inferior ó 10% nos internos das institucións penitenciarias.

7. Deica o ano 1997, debería poñerse en funcionamento, conxuntamente co Servicio de Epidemioloxía, un sistema de vixilancia epidemiolóxica a través dos laboratorios de microbioloxía, co fin de monitoriza-los índices de infección polo VHB na poboación xeral de Galicia e as súas tendencias.

Obxectivos específicos

Metodoloxicamente semella ser máis apropiado elaborar uns obxectivos específicos para cada un dos catro Subprogramas nos que se estruturou o Programa que propoñer uns máis xerais que, moi posiblemente, non permitirían un seguimento tan exhaustivo do mesmo. Por este motivo, remítese ó lector ós dous seguintes boletíns que tratarán deste Programa.

POBOACIÓN OBXECTIVO

Aínda que a poboación obxectivo á que vai dirixida o Programa é de toda Galicia, a poboación a intervir directamente é a composta polas diferentes subpoboacións diana sobre as que actúan os devanditos Subprogramas. Poboacións que se especificarán, ó mesmo que no apartado anterior, nos seguintes boletines referentes ó Programa.

RECURSOS HUMANOS, FÍSICOS E MATERIAIS

Para a realización do Programa cóntase basicamente cos recursos humanos, físicos e materiais do sistema sanitario público. Os pediatras con exercicio privado e as institucións sanitarias que desexen adherirse ó Programa, poderán facelo, previa solicitude dirixida ó Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Sanidade; entregaránselle-las doses de vacina antihepatite B que pidan e seranlles esixidas en contraprestación as mesmas condicións de compromiso que se están a esixir para a adhesión ó Programa Galego de Vacinacións (PGV): contaren cunha neveira apropiada para a conservación da vacina, declararen as vacinacións realizadas e respectaren a gratuidade da vacina e do material inmunizante.



SUBSCRICIÓN: Dirixi-la solicitude ó Servicio de Epidemioloxía. Subdirección de Saúde Pública. Consellería de Sanidade. San Lázaro, s/n. 15771 Santiago de Compostela.